



### FINALIDADE (TIPO DE ACTIVIDADE)

Xogo de persecución tipo  
“stop” ou “tulipán”.



### DURACIÓN

50'



### MATERIAIS

Follas de papel.

Rotuladores grosos.

Post-it de cores.

Bolígrafos ou lapiseiros.

Cadeiras (1 por  
recurso sanitario do  
que se vaia a falar).



### OBXECTIVO

Reflexionar sobre como as  
situacións de pobreza na  
infancia e a adolescencia  
dificultan o acceso ós  
recursos sanitarios,  
que condiciona que  
non haxa igualdade de  
oportunidades para todo o  
mundo e propor solucións.

# “STOP Á FALTA DE SAÚDE”

## DESENVOLVEMENTO

1º. Entre todo el grupo se lee el artículo 24 de la [Convención sobre los Derechos del Niño](#) sobre el derecho a la salud y se habla de lo que es un recurso sanitario.

- Art. 24 da CDN. “1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno ó goce do máis alto nivel posible de saúde e a servizos para o tratamento das enfermidades e a rehabilitación da saúde. Os Estados Partes esforzaranse por asegurar que ningún neno sexa privado do seu dereito ó goce deses servizos sanitarios”.

Ligazón a [versión adaptada da CDN](#) para nenas e nenos de 6 a 8 anos. [\(versión pdf\)](#).

- Recursos sanitarios: son cada un dos elementos e/ou medios (infraestruturas, servizos, materiais) que conforman un sistema sanitario.

2º. Faise unha choiva de ideas sobre que recursos sanitarios coñecen ou cren que deberían ter acceso e vanse escribindo cada un nunha folla con letra grande.

Elíxense 5 recursos sanitarios, asegurándose que se entende por todo o grupo e escríbense e/ou débúxanse cada un nunha folla con letra grande.

- Algunhas ideas de servizos sanitarios son: pediatría, enfermería, vacinas, medicinas, farmacia, lentes, ortopedia, odontoloxía, oftalmoloxía, unidades de psicoloxía, unidades de psiquiatría, etc. e outras especialidades médicas.

3º. Colócanse cada un dos carteis de recursos enriba dunha cadeira cuns post it e bolígrafos ou lapiseiros. Cada unha das cadeiras colócanse en diferentes lugares con distancia entre elas.

4º. Xógase ó pilla pilla ó estilo do tradicional xogo de “stop” ou “tulipán”.

Regras:

- Unha persoa persegue ás demais.
- Para non ser pilladas, as persoas ás que se persegue pódense sentar nunha das cadeiras onde estean escritos os recursos
- Só poden volver a moverse cando outra persoa as veña a rescatar e facer o paso 5º desta actividade
- Se a persoa que persegue ós demais toca a alguén antes de que se sente na cadeira, este pasa a ser o encargado de perseguir ó resto.
- Se o espazo é pequeno pódense poñer límites de mobilidade, por exemplo, desprazarse dando saltos cos pés xuntos, desprazarse gateando, etc.

6 A 8  
ANOS



Sanitario

# “STOP Á FALTA DE SAÚDE”

## DESARROLLO

**5º.** O xeito de “salvar” a alguén que estea sentado na cadeira para que poda seguir movéndose é que outra persoa o veña a rescatar e entre as dúas persoas pensen nunha idea proposta para que a infancia poida acceder a ese recurso en igualdade de oportunidades. Escríbese nun post it e pégase na folla ou na cadeira.

Despois, as dúas persoas han de pasar por debaixo da cadeira para poder seguir movéndose. Non vale pararse 2 veces no mesmo recurso e non vale pillar á persoa que estea no “stop” nin á que estea salvando.

Nota: é importante que as ideas para ter acceso ós recursos non sexan desexos, senón que sexan propostas concretas, é dicir, que non sexa algo como “que haxa máis pediatras” ou “ que todo o mundo teña cartos para mercar lentes”, senón “que se contraten máis pediatras e haxa en tódolos centros de saúde” ou “ que as lentes sexan gratuítas para os nenos e as nenas”, etc.

**6º.** Cando se remate a actividade, ponse en común con todo o grupo para que se vexan as propostas de tódolos equipos.

## PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

### Que viches/que sabes (observación)

- Que tipos de recursos sanitarios coñeces?
- Hai algún ó que non teñades acceso? Por que?
- Tódalas nenas e nenos teñen acceso a tódolos recursos sanitarios? Por que?

### Que pensas (opinión)

- Por que credes que algunhas nenas e nenos teñen máis posibilidades de ter algúns recursos sanitarios e outros menos?
- Como credes que é a vida das nenas, nenos e adolescentes que non poden ter acceso a algúns recursos sanitarios?
- Como pensades que afecta non ter algúns recursos sanitarios á vida das nenas e nenos?

### Que propós (propostas)

- Que se debería facer para que tódalas nenas e nenos teñan os mesmos recursos sanitarios?
- Como se podería conseguir que houbera máis recursos sanitarios para as nenas e nenos que máis o necesitan?
- Quen debería de se encargar de que tódalas nenas e nenos teñan igualdade de oportunidades sanitarias? Como?

## SUXESTIÓNS PARA A ACTIVIDADE

Pódese facer unha visita previa a algún centro de saúde e espazos relacionados coa saúde que haxa na súa contorna para que coñezan cales son os recursos que hai e tamén para detectar cales faltan.

Para evitar que as propostas dos diferentes recursos se mesturen ó recollelos, pódense poñer post it de diferentes cores para cada recurso.

## LIGAZÓN AO FORMULARIO ENVORCADO DE CONCLUSIÓNS

6 A 8  
ANOS



Sanitario